

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE MAIO DE 2019

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de maio deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA PRIETO NIETO (incorpórase á sesión no punto número 9/303 da orde do día), D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, D.^a ROSANA RIELO ROZAS e D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de maio de 2019.

ÁREA DE GOBERNO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a execución de edificacións auxiliares para actividades de ocio en Tabeira, Ombreiro; para instalación de ascensor no edificio de vivendas con licenza 19/74, sito na rúa Primavera, número 23, con referencia catastral 8232005PH1683S; para aprobar a legalización de obras e cambio de uso de rocho a vivenda no edificio construído con licenza número 177/72, consistentes en realización de obras no baixo cuberta cambiando o uso a parte do rocho, e uníndoo ao piso 3º dereita para transformalo en dúplex, sen variar o número de vivendas do edificio, sito na rúa Serra dos Ancares, número 30; para as obras de legalización de edificación existente (actualmente vivenda) para o que se realizan obras de demolición parcial nela e de adaptación para a implantación do uso de almacén agrícola e curral doméstico. A edificación quedará composta de planta semisoto para almacén de forraxe e garaxe de maquinaria, e planta baixa para curral doméstico (para 4 ovellas, 12 galiñas e 10 coellos) en solo clasificado como solo rústico no Agro de Arriba, San Salvador de Outeiro das Camoiras; para cambio de uso de dous locais de oficinas en plantas primeira e segunda para unha vivenda por planta, no edificio con licenzas 1179/01, 276/10, 328/13, sito na rúa do Teatro, número 12, unidade edificatoria 120144 e para rehabilitación de vivenda rural tradicional composta de planta baixa e baixo cuberta, sita en Recimil, número 15, parroquia de Recimil.

Acórdase adiar a solicitude de licenza para a intervención sometida a licenza urbanística, consistente en obras de obras de edificación e urbanización co obxecto de mellorar as condicións de accesibilidade das galerías da avda. da Coruña,



número 39, de xeito que os locais comerciais e os portais do edificio de vivendas dispoñan dun itinerario adaptado dende a vía pública, suprimindo igualmente a praza de aparcadoiro que existe actualmente na rúa do Esquecemento.

Acórdase a concesión da licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar dentro da área de expansión do núcleo rural o Cabalo-Taboelle, número 18, parroquia de Orbaza.

Acórdase denegar a licenza para a construción de edificio para cerimonias no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro (Santo André de Castro).

2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 83/12, do inmovible sito na rúa Aceroleiro, número 19, dedicado a uso residencial.

Tamén se acorda a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 92/12, do inmovible sito en Recimil con uso principal residencial.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 168/12, do inmovible sito na calzada das Gándaras, número 67, dedicado a taller mecánico.

Acórdase a resolución do expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 188/12, do inmovible sito en sito na Brea (Tirimol), composto de varias edificacións con uso principal residencial.

Así mesmo, acórdase a resolución expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 189/12, do inmovible sito en lugar do Chao número 33 (Conturiz-Santo André de Castro) con uso principal residencial.

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases para o proceso selectivo para a cobertura interina de prazas de oficial electricista nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Acórdase aprobar os servizos extraordinarios da sección de cultura na feira expocidades 2019 (29 de maio a 2 de xuño de 2019) e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acórdase aprobar a proposta do Servizo de Persoal de autorización de servizos extraordinarios polo persoal de conserxería para os meses de maio e xuño de 2019 e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería no centro de convivencia de Fingoi, na rúa Aviación Española de Lugo (exp. 52-2016), polo período comprendido entre o 10 de maio de 2019 e o 9 de maio de 2020.

Tamén se acorda a actualización das taxas de ocupación de dominio público con motivo da autorización de instalación de atraccións no recinto feiral de San Froilán (exp. ref.: 28-2017) para este ano 2019.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración (adquisición) de 130 ordenadores persoais para a renovación dalgúns postos de traballo do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. (exp. ref.2018-103).

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, Miguel Fernández Méndez.

